

Eu Montserrat Rodriguez Arribas con DNI 35322131L como delegada e liberada de CSIF na Consellería Política social

ASUNTO: Utilización das listas de contratación reguladas no Decreto 37/2006 para a cobertura de postos nas especialidades de educación infantil

En relación coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* de datas 16 de decembro de 2025 (actualización definitiva de méritos 2024) e 18 de decembro de 2025 (listas definitivas para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e contratación temporal de persoal laboral), e en particular respecto das listas correspondentes a:

- Corpo Facultativo de Grao Medio, escala de técnicos facultativos, especialidade educador infantil (A2 – código 209D).
- Corpo Técnico de Carácter Facultativo de Administración Especial, escala de axentes técnicos facultativos, especialidade xardín de infancia (C1 – código 208J).

EXPONSE:

As citadas listas foron formalmente aprobadas e publicadas no DOG, incorporando a baremación definitiva dos méritos e as solicitudes presentadas dentro dos prazos establecidos, polo que constitúen listas vixentes dentro do sistema de listas de contratación da Xunta de Galicia xestionado pola Dirección Xeral da Función Pública.

Non obstante, na práctica está a producirse unha situación que está a xerar numerosas queixas entre o persoal incluído nestas listas. Para a cobertura de postos no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e en particular nas coñecidas como “galerías azuis”, continúan realizándose chamamentos mediante listas propias do Consorcio, a pesar de tratarse de postos vinculados a corpos e especialidades existentes na Administración autonómica e de que estas prazas se atopan xa nunha RPT funcionarizada.

Esta circunstancia está a provocar unha clara desigualdade no acceso aos postos de traballo, xa que:

- As persoas incluídas nas listas propias do Consorcio están a prestar servizos e, en consecuencia, acumulan méritos que posteriormente puntúan nas listas oficiais da Xunta de Galicia.
- Pola contra, as persoas incluídas nas listas de contratación da Xunta de Galicia non teñen acceso a estes chamamentos nin á posibilidade de prestar servizos neses postos.

A isto engádesse que as citadas listas propias do Consorcio carecen de transparencia, xa que non existe acceso público á súa composición, orde de prelación nin aos chamamentos que se están a realizar, o que impide comprobar se estes se están efectuando conforme a criterios obxectivos.

En consecuencia, estase a configurar un sistema opaco, pouco garantista e contrario aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, xerando un grave agravio comparativo entre persoas que participan en procesos de contratación para postos equivalentes.

Á vista do exposto, EXÍXESE:

1. Que se informe de maneira expresa sobre o réxime aplicable para a cobertura dos postos correspondentes ás especialidades indicadas no ámbito do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
2. Que se indique cal é a causa normativa pola que non se están utilizando as listas de contratación da Xunta de Galicia publicadas no DOG para a cobertura destes postos.
3. Que se clarifique se resulta conforme á normativa vixente a utilización de listas propias do Consorcio para a cobertura de postos incluídos nunha RPT funcionarizada.
4. Que se adopten as medidas necesarias para poñer fin á actual situación de dualidade de sistemas de chamamento, que está a xerar unha evidente desigualdade entre o persoal.
5. Que, dunha vez por todas, se unifique o sistema de chamamentos para estes postos, de modo que a súa cobertura se realice exclusivamente a través das listas de contratación reguladas no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula a provisión de postos de traballo mediante listas de contratación temporal no ámbito da Administración da Xunta de Galicia.

A utilización de sistemas paralelos ou de listas alleas ao citado decreto carece de transparencia, non resulta garantista e xera unha situación inxusta e non axustada a dereito, ao impedir que as persoas incluídas nas listas oficiais da Xunta de Galicia poidan acceder en igualdade de condicións aos postos de traballo correspondentes.

De non adoptarse as medidas necesarias para garantir o cumprimento do sistema de listas regulado no Decreto 37/2006, valorarase a adopción das actuacións administrativas e xudiciais que procedan en defensa dos dereitos das persoas afectadas.

Pontevedra 10/03/2026